

O IX Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos deste ano presenta características especiais a diferenza de anos anteriores.

Neste seminario reflexiónase sobre as características e o proceso de implementación dos materiais didácticos dixitais nas escolas. Ofrece a oportunidade de analizar o que supón o proxecto E-DIXGAL no contexto galego e de coñecer experiencias educativas innovadoras de interese para o profesorado.

Estas cuestións son abordadas tendo moi presentes as achegas do proxecto de investigación Escuel@ Digit@l ("La escuela de la sociedad digital: análisis y propuestas para la producción y uso de los contenidos digitales educativos" - EDU2015-64593-R) financiado polo Programa Estatal I+D+i orientado aos Retos da Sociedade e coordinado polo profesor Manuel Area da Universidade de La Laguna (Tenerife). Este proxecto de investigación, pretende analizar o estado actual da produción, distribución e utilización pedagóxica nas aulas dos contidos dixitais educativos ou materiais didácticos en liña destinados á Educación Primaria en tres comunidades do Estado español (Canarias, Valencia e Galicia).

No desenvolvemento do seminario analizamos algunhas das cuestións formuladas e analizadas en dito proxecto, tales como: a análise dos materiais educativos que se ofertan dixitalmente no contexto español para a Educación Primaria; os modelos pedagóxicos subxacen nos mesmos; como se empregan e que impacto teñen sobre a ensinanza e a aprendizaxe na aula; que recomendacións se poden facer aos distintos axentes e sectores implicados para producir e empregar con calidade educativa os recursos educativos e contidos escolares distribuídos en liña; entre outras.

Obxectivos do Seminario:

- 1) Dar a coñecer as achegas que sobre os Materiais Didácticos Dixitais atopamos en Galicia a través do estudo mencionado.
- 2) Coñecer o que está acontecendo noutras comunidades.
- 3) Achegar reflexións ao redor do que acontece na realidade galega no relativo ao emprego dos Materiais Didácticos Dixitais.
- 4) Coñecer os materiais didácticos na era dixital actual a través da reflexión entre diferentes ámbitos relacionados coa educación.
- 5) Analizar o papel do libro de texto no contexto da escola dixital.
- 6) Ofrecer recursos (guías de avaliación e/ou técnicas de análise) para a avaliación dos materiais de diferentes ámbitos (videoxogos, libros dixitais, música, infantil, etc.).

IX SEMINARIO INTERNACIONAL DE AVALIACIÓN DE MATERIAIS DIDÁCTICOS

OS MATERIAIS E RECURSOS DIXITAIS EN GALICIA. QUE HAI DE NOVO?

12 e 13 de abril de 2018.

Facultade de CC. da Educación. Campus Vida.

Santiago de Compostela.

+INFO: www.neg.gal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



XOVES 12 DE ABRIL:

16:00. Inauguración.

16:30. Mesa Redonda: *O Proxecto Escol@ Dixit@l (EDU2015-64593-R) e os Materiais Didácticos Dixitais (MDD)*. Coord. Manuel Area Moreira. IP do proxecto Escol@ Dixit@l. U. de La Laguna.

José Peirats Chacón. Coord. do Equipo de Investigación de Valencia.
Pablo Santana. Membro do Equipo de Investigación de Canarias.
Quintín Álvarez Núñez. Membro do Equipo de Investigación de Galicia.

Descanso.

18:30. *O proxecto E-Dixgal en Galicia. Estado da cuestión*. Coord. Raúl Eirín Nemiña. Universidade de Santiago de Compostela.

- Belén López Vázquez. Asociación Galega de Editoras.
- Representante de CONFAPA.
- Benxamin Salgado. Mestre de EP, xefe de estudos do CEIP da Ramallosa.
- Esteban Calviño Louzao. Asesor TIC do Servizo de Formación do Profesorado. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Cristina Losada Loureiro. Mestra e Investigadora.

20:00. Intervencións e opinións abertas do público.

21:30. Remate da Xornada.

VENRES 13 DE ABRIL:

16:30. A innovación Educativa con e sen Tecnoloxía. Materiais e Recursos para a Escola do Século XXI. Coordina: Montse Castro Rodríguez

- *Quen dixo medo? O alumnado protagonista da súa aprendizaxe. Alumnado de 1º e 2º da ESO do CPI Plurilingüe Virxe da Cela. Camino Pereiro González.* (Mestra de Educación Primaria do CPI Plurilingüe Virxe da Cela).

- *Aprendendo nunha escola en movemento*
Eva Nieto Caamaño
María Bustelo Miguéns
EEI dos Ánxeles.

- *STARgal: seminario transversal de audiovisual e robótica (I Premio Educacompostela 2017).*
Ana Moreiras,
IESP A Cachada, Boiro.

18:30-19:30. Recursos para a avaliación de materiais ao servizo do profesorado. Coord: Jesús Rodríguez. Universidade de Santiago de Compostela

- Silvia López Gómez: Guía para a selección e uso de videoxogos para a escola.
- Nerea Rodríguez Regueira: Guía para a análise e selección de libros de texto dixitais en Educación Primaria.
- Antía Cores Torres: Guía para valorar a normalización lingüística e cultural dos materiais de música en lingua galega.
- Lucía Casal de la Fuente: Conxugando literatura, música, infancia e lingua. En que podemos mellorar?
- Rosa Mª Vicente Álvarez. Guía de avaliación de materiais musicais en educación infantil e primaria.
- Marta Esplugues: Guía de avaliación de materiais didácticos editados polas ONGD para educación primaria e secundaria

19:30. Debate simultáneo e afondamento nas guías presentadas.

21:30. Clausura.